


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

24-25 de setembro do 2022

XXVI ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús coa súas parábolas vai achegándonos ao seu xeito de vivir. Fai unhas semanas convidábanos a atopar en Deus as mans dun Pai que nos acolle e agarima. Fai unha semana dicíanos que non nos deixemos levar polas cousas e polo ter.

E a parábola de hoxe é de completa actualidade: pon á nosa consideración a realidade actual do noso mundo. Nel hai nacións ricas (primeiro mundo) e pobos pobres. No primeiro mundo, no que nós vivimos, hai de todo e a encher: adiantos técnicos, transportes, alimentos... Temos tantas cousas das que preocuparnos que ao noso lado, na porta, hai outro mundo que ata carece do que nós non queremos e desprezamos.

Na nosa porta están os refuxiados tirados, están os veciños de Ucraia que procuran paz, están os que pasan fame... Están moitos Lázarus.

2

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Son demasiadas as desigualdades nas que temos parte. Queirámolo ou non somos do primeiro mundo, e temos moita culpa de como está o resto do mundo. Acudamos ao Pai de todos para pedir perdón polas desigualdades que sementamos:*

Monitor/a

- ✓ Nós seguimos despilfarrando, mentres que na terra moitos homes e mulleres non teñen o necesario para levar unha vida digna. Señor, abre o noso corazón
- ✓ Nós seguimos xordos diante de tantas persoas que, á nosa beira, berran pedindo unhas migalliñas do noso tempo, do noso sorriso, do noso amor, da nosa compañía. Cristo, abre o noso corazón
- ✓ Nós, cos nosos silenzos e mesmo coas nosas accións somos cómplices de tantas e tantas inxustizas e desigualdades. Señor, abre o noso corazón

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nas nosas vidas, dos que sofren as consecuencias das desigualdades e se senten asoballados e cansos sen ter dereito a sentar á mesa. A todos nos conceda Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus no silencio as necesidades dos nosos irmáns que non teñen as mesmas oportunidades que nós na vida.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, asiste aos teus fillos e móstralle a túa bondade incansable.

Nós estamos orgullosos de terte coma creador e de sermos gobernados pola túa providencia: renova ti a obra da túa creación e protexe o que renovaches. Pedímoscho por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A lectura do profeta que agora imos escoitar pon en evidencia a quen vive ben, sobrado e despreocupado dos demais.*

O evanxeo é a proposta de non pechar os ollos a tantas e tantas desigualdades, das que mesmo sen quere-lo somos cómplices. Abramos os ollos aos Lázaros.

No Leccionario I C páx 258 **Am 6, 1a. 4-7** LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE AMÓS

Di o Señor omnipotente:

"¡Malia os que viven no lecer en Sión,
os despreocupados no monte de Samaría!
déitanse en leitos de marfil, vaguean nas súas camas,
xantando os carneiros do rabaño
e os xatos sacados da corte.

Cantarexan ao son da arpa
e, coma novos Davides, inventan instrumentos.

Beben viño nas grandes copas
e únxense coa esencia dos perfumes,
mais a desfeita de Xosé non os deprime.

Por iso agora van partir para o exilio
á cabeza dos deportados,
pois rematou a esmorga dos nugalláns".
-Oráculo de Iavé, Deus dos Exércitos-

Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida SALMO*

(en pé) *No Lecc I C páx 255 Lc 16, 19-31 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela dilles Xesús aos fariseos esta parábola:

Había un home rico que vestía roupa de púrpura e liño
fino, e que celebraba todos os días espléndidos
banquetes.

Ao pé da súa porta xacía un pobre, chamado Lázaro,
todo cuberto de chagas, que estaba desexando matar a
fame co que caía da mesa do rico; e incluso os cans se
achegaban a lle lamber as chagas.

Resulta que morreu o pobre, e levárono os anxos ao
seo de Abraham. Morreu tamén o rico, e enterrárono.
Estando no lugar dos mortos, no medio dos tormentos,
erguendo os ollos viu a Abraham e máis a Lázaro no seu
seo. Entón suplicoulle dicindo: "Ai, pai Abraham, ten dó
de min; mándame a Lázaro para que molle o seu dedo na
auga e refresque a miña lingua, porque me atormenta o
lume". Pero Abraham contestoulle: "Fillo, recorda que ti
recibiches bens na túa vida, mentres Lázaro recibiu
males; agora el recibe consolo e ti tormento. Ademais,
entre nós e vós hai un abismo insalvable; de xeito que
desde aquí non se pode pasar onda vós, nin desde aí se
pode vir onda nós". Entón el insistiu: "Suplícoche, pai
Abraham, que o mandes a casa do meu pai, onde teño
cinco irmáns, para que lles fale claramente e non veñan
dar a este lugar de tormentos". Pero Abraham
respondeulle: "Xa teñen a Moisés e os Profetas: que lles
fagan caso a eles".

El volveu insistir: "Pero non llelo van facer, pai
Abraham, non; se un morto vai onda eles, seguro que se
converterán". Pero Abraham replicoulle: "Se a Moisés e
máis aos profetas non lles fan caso, tampouco llo farán
nin a un morto resucitado".

Palabra do Señor



Unha oración do Papa Francisco a xeito de homilía

Señor, fainos persoas portadoras de esperanza,
para que onde haxa escuridade brille a túa luz,
e onde haxa desigualdade renaza a confianza no futuro.

Señor, fainos instrumentos da túa xustiza,
para que onde haxa lázaros agrome a fraternidade,
e onde haxa cobiza agrome a comunión.

Señor, fainos persoas construtoras do teu Reino
xunto coas persoas migrantes e refuxiadas
e con todas as persoas que viven nas periferias.

Señor, fai que aprendamos o fermoso que é vivir
coma irmás e irmáns. Amén

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Seguindo a proposta de Xesús queremos
comprometernos a vivir como verdadeiros irmáns
compartindo sempre cos máis necesitados. Dicimos

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus,

o Pai que ama a todos sen diferenza e que desexa un
mundo no que todas as persoas sexan tratadas en
igualdade e poidan compartir a mesa?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo, noso irmán,

que nos convida a compartir á súa beira e que desexa de
nós, non riquezas inxustas senón igualdade na vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que nos alenta a colaborar a prol de tantas persoas
esquecidas na pobreza, na fame, no paro, na emigración,
no asoballamento?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que necesita das nosas mans na procura
dunha maior igualdade para con todos os
desfavorecidos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Rezamos como familia coa certeza de que o Noso Pai Deus vai escoitar a nosa oración, e dicimos: Señor, acolle a nosa oración*

Monitor/a

- ✓ Pola Igrexa para que, sen medo, sexa no medio do mundo a voz dos Lázaros, dos últimos, dos marxinados, dos esquecidos, dos refuxiados, oremos
- ✓ Polos países ricos, para que o Señor toque o noso corazón e deixemos de aproveitarnos, desprezando e mantendo tantos pobos na súa pobreza, oremos
- ✓ Por todos os Lázaros deste mundo: enfermos, anciáns, parados, persoas soas... para que comprendan que Deus non os quere resignados á súa pobreza, senón que quere a súa dignidade, a súa vida, a súa reivindicación, oremos
- ✓ Pidamos polos refuxiados tirados, que esperan mans acolledoras e tolerantes, e pidamos polas persoas que viven sen paz, oremos

Celebrante: *Señor, grazas por escoitar a nosa oración e a dos nosos irmáns. Axúdanos a vivir na responsabilidade de ser testemuñas da túa xustiza. Por Xesucristo o noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos a oración que nos ensinou Xesús e que nos compromete a considerar a todos irmáns nosos e procurar por iso un mundo máis xusto e mellor repartido. Dicimos:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan o noso desexo de xustiza, falan do noso desacordo con tantas desigualdades, con tantas diferenzas. Sabemos que a paz require esforzo e atrevemento para a loita.*

Está nas nosas mans facelo mellor.

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa, este altar é signo do compartir na vida. Participar hoxe é comprometerse e esixe procurar que todos teñan dereito á mesa, porque este pan do Señor é para todos. Ditosos tamén nós que hoxe estamos convidados á mesa do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 nº 48 O pouco que Deus nos dá

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Ti aliméntasnos co teu sacramento
E aléntasnos coa túa Palabra.

Pola participación nesta celebración de fe,
fai medrar en nós as actitudes e os feitos
dende os que viviu Xesús
para que el nos guíe polo camiño do ben.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén

*Cada vez que escoitamos unha parábola de Xesús
dámonos conta da súa actualidade.*

*No noso mundo hai moitos Lázaros que precisan de
nós e non podemos ignoralos.*

*Que a nosa celebración nos axude a vivir abertos ás
necesidades dos nosos irmáns nesta casa común que
Deus puxo nas nosas mans.*

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



**“Á porta da casa está Lázaro,
que nin pode fartar a fame coas migallas da mesa”**

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

